- lectura comprensiva de textos (detección de dúbidos sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas dúas linguas de traballo
- coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos propónse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia:

- estudo das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (véxase apartado de bibliografía) e da gramática inglesa
 - exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas dúas linguas de traballo
 - traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
 - sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos, etc.
 - asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca xeral e pola biblioteca da facultade
-

IDENTIFYING DATA**Tradución idioma 2, II: Inglés-Español**

Subject	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español			
Code	V01G230V01507			
Study programme	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language				
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	Lorenzo García, María Lourdes			
Lecturers	Lorenzo García, María Lourdes			
E-mail	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://			
General description	<p>A materia concíbese como un espazo didáctico en que a/o alumna/o deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade media de tradución de textos xerados en contextos xerais de dificultade media na combinación lingüística inglés > español (tradución 100% directa), sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos xerais de dificultade media redactados en inglés. Enténdese que o alumno está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución, da tradución do inglés ao español (adquiridos a partir da materia □Tradución Idioma 2, 1 inglés-español□) e que posúe coñecementos razoables das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel baixo-medio.</p> <p>** NON SE RECOMENDA QUE SE MATRICULEN NA MATERIA OS ALUMNOS DE INTERCAMBIO QUE NON SUPEREN A PROBA DE NIVEL INICIAL</p>			

Competencias

Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE29	Formación universitaria específica
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences
Conhecer os padrões de calidade establecidos polos organismos competentes. Producir textos traducidos na Língua I (Espanhol) e ser capaces de respeitá-los.	

Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE3 CE17 CE18 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.		CE1 CE2 CE4 CE29	CT4 CT17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos de carácter xeral (diversas tipoloxías de uso común: literatura, medios de comunicación, medios audiovisuais, etc.		CE1 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27	CT4 CT7 CT9 CT22 CT23

Contidos

Topic	
1. Fontes de consulta para a tradución inglés / español (II).	1.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos
2. O proceso tradutor. Análise macrotectual: tipoloxías textuais, xéneros e rexistros	2.1. Tipos de textos 2.2. O xénero e as súas dimensións de análise 2.3. O rexistro e as súas dimensións de análise 2.4. Cohesión e estrutura textuais
3. A tradución de textos	3.1. Textos expositivos 3.2. Textos exhortativos
4. Contextos culturais (II): Estados Unidos e Australia	4.1. Culturas dos Estados Unidos. 4.2. Cultura australiana.
5. Control de calidade (II)	5.1. Análise crítica e avaliación de traducións.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Traballos de aula	6	0	6
Prácticas autónomas a través de TIC	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	45	60
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	6	17	23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	4	7

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Traballos de aula	Realizaranse traducións/exercicios sobre cultura dos países anglófonos na aula periodicamente.
Prácticas autónomas a través de TIC	Cada unidade terá unha batería de exercicios/problemas de tradución que os alumnos deberán realizar individualmente ou en grupos, dependendo das instrucións dadas en clase. Esta tarefa poderán realizala na aula ou en biblioteca, titorizados en tempo real a través de faitic pola profesora.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cada unidade terá unha batería de exercicios/problemas de tradución que os alumnos deberán realizar individualmente ou en grupos, dependendo das instrucións dadas en clase. Esta tarefa poderán realizala na aula ou en biblioteca, titorizados en tempo real a través de faitic pola profesora.
Sesión maxistral	A profesora presentará os contidos teóricos mediante presentacións de power point. Serán sesións, en calquera caso, moi participativas con abundantes estudos de caso que clarifiquen os puntos teóricos.
Actividades introdutorias	A profesora explicará detalladamente a guía docente, con especial atención ao apartado de contidos e avaliación. Os alumnos de intercambio haberán de realizar unha proba de nivel. Dependendo dos resultados, recomendaráselles (ou non) matricularse na materia.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Sesión maxistral	O alumnado recibirá atención personalizada tanto na aula coma no horario de titorías (recoméndase pedir cita previa para evitar coincidencia con outras tarefas académicas).
Actividades introdutorias	O alumnado recibirá atención personalizada tanto na aula coma no horario de titorías (recoméndase pedir cita previa para evitar coincidencia con outras tarefas académicas).

Avaliación			Evaluated Competences		
Description	Qualification				
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e as prácticas autónomas a través de TIC. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	5	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14 CT22 CT23
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e os traballos de aula. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	5	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14 CT22 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios propostos para cada unidade.	20	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14 CT22 CT23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá nunha proba teórico-práctica de resolución de problemas puntuais de tradución a presentados a través de microtextos semellantes aos estudados na clase. O alumno poderá levar material de apoio ao exame (power points, apuntamentos, internet, dicionarios etc.).	70		CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14 CT22 CT23

Other comments on the Evaluation

Avaliación continua:

A avaliación continua é a modalidade de ensino esperable. Enténdese que un alumno segue a avaliación continua se presenta todos os traballos en tempo e forma e realiza as probas propostas na materia. Aqueles alumnos que non desexen acollerse a esta avaliación (e, por tanto, fágano á avaliación única) deberán comunicalo por escrito durante as primeiras dúas semanas de clase.

Se, por causa de forza maior (traballo, enfermidade) debidamente xustificado, o estudante non puidese seguir a avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.

O alumnado acollido á avaliación continua que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo debe superar un exame con todos os contidos do curso.

Penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade presencial (avaliación continua) poderá acollerse á única. Nese caso, a avaliación realizarase por medio dunha única proba consistente nun exame que terá lugar o último día de clase (coincidindo co de avaliación continua). De non superar a materia na primeira edición de actas, disporá dunha segunda oportunidade en xullo (2ª edición de actas). Nese caso, a proba terá lugar na data fixada pola facultade.

O exame final incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas á totalidade de contidos abordados ao longo do cuadrimestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é de 5 sobre 10. Como material de apoio para o exame poderase levar computador e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel. O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (85%), un comentario ou preguntas sobre as estratexias tradutivas aplicadas (10%) e unha pregunta de control de lectura (5%).

Penalizarase a copia e o plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Baker, Mona e Gabriela Saldanha, **Routledge encyclopedia of translation studies**, London: Routledge,
Gouadec, Daniel, **Translation as a Profession**, Amsterdam [etc.] : John Benjamins,
López Guix, J.G. e J. Minett, **Manual de traducción inglés > castellano**, Barcelona: Gedisa,
Nord, Ch., "Text Analysis in Translator Training", en **Dollerup, C. e A. Loddegaard (eds.). Teaching Translation and Interpreting**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub., 40-45,
Nord, Ch., **Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained.**, Manchester: St. Jerome,
Toury, Gideon, **Descriptive Translation Studies and Beyond**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub,
Baker, Mona, **A Course on Translation**, London: Routledge,

A bibliografía aquí listada é a básica. En clase forneceranse lecturas complementarias.

Lecturas obrigatorias:

- López Guix e Minett (1997)
- Toury (1995)
- 1 obra literaria proposta nas primeiras sesións de clase.

Avaliación das lecturas:

Tanto na avaliación continua como na avaliación única poderase incluír unha pregunta-control sobre as lecturas obrigatorias. En canto á obra literaria lida o seu control poderase efectuar utilizándoa como exercicio de tradución.

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Subjects that it is recommended to have taken before

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Other comments

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable aprobar en Idioma 2, IV Inglés.

**** NON SE RECOMENDA QUE SE MATRICULEN NA MATERIA OS ALUMNOS DE INTERCAMBIO QUE NON SUPEREN A PROBA DE NIVEL INICIAL**

IDENTIFYING DATA				
Tradución idioma 2, II: Francés-Galego				
Subject	Tradución idioma 2, II: Francés- Galego			
Code	V01G230V01508			
Study programme	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language				
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	Fernandez Rodríguez, Aurea			
Lecturers	Fernandez Rodríguez, Aurea			
E-mail	aurea@uvigo.es			
Web				
General description	<p>A materia ten como obxectivos:</p> <p>a) afondar nos procedementos e técnicas da tradución aprendidas na materia de Tradución Idioma 2, I e analizar as dificultades que presenta o texto de partida.</p> <p>b) mellorar as competencias de tradución cara á lingua I de diversos tipos de textos non especializados redactados no idioma II, amosando a capacidade de comprensión do idioma II e a de expresión na lingua I adquiridas na materia de Tradución Idioma 2, I.</p>			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
CE22	Destrezas de tradución
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe				
Learning outcomes	Competences			
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: comprender textos redactados na lingua de partida (en francés).	CB2	CE3	CT4	
	CB3	CE4	CT6	
	CB4	CE13	CT8	
			CT22	
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CB1	CE3	CT6	
	CB2	CE4	CT8	
SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	CB3	CE13	CT22	
	CB4			
COMPETENCIA TEXTUAL: afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto.	CB1	CE3	CT6	
SUBCOMPETENCIAS: mellorar o coñecemento de diferentes tipos de textos e as súas características.	CB2	CE13	CT12	
	CB4		CT22	

COMPETENCIA TRADUTORA: afianzar as diferentes competencias adquiridas en Trad. Idioma 2,I CB1 CE3 CT4
necesarias para traducir un texto non especializado en francés. CB2 CE4 CT8
SUBCOMPETENCIAS: afondar na análise de textos con vistas á súa tradución. Afianzar as distintas CB3 CE22 CT22
técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Mellorar o traballo con CB4
textos paralelos. Mellorar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, CB5
Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural.
Revisar as normas de revisión, corrección e presentación de traducións. Afondar no coñecemento
do mercado laboral. Mellorar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso ético e
deontolóxico.

Contidos

Topic	
1. Competencias, recursos e procedementos de tradución (I)	1.1 Análise de cada texto para a súa tradución 1.2 Documentación 1.3 Tradución 1.4 Revisión e corrección
2. Dicionarios e fontes de documentación (I)	2.1 Fontes de documentación en formato papel 2.2 Fontes de documentación en rede 2.3 Localización de textos paralelos e outros recursos
3. Exercicios prácticos de tradución	3.1 Tradución de textos non especializados 3.2 Detección do tipo de problema e resolución 3.3. Revisión de erros
4. O mercado da tradución de textos en francés cara ao galego idioma II: textos de distintos tipos	4.1 Presentación e descrición dos textos traducidos en galego desde o francés. Características e especificidade de cada texto: páxinas web 4.2 O tradutor no seu contexto 4.3 Ética e responsabilidade do tradutor

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	2	0	2
Sesión maxistral	7	14	21
Traballos de aula	32	40	72
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	2	30	32
Probas de resposta curta	1	10	11
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	8	12

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Presentación da programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o alumnado.
Traballos de aula	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión da docente. Pode estar vinculado ó seu desenvolvemento con actividades autónomas do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encomendas de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para isto, aplicarán os coñecementos e habilidades adquiridos durante os traballos de aula.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática.

Avaliación

Description	Qualification	Evaluated Competences

Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistrals permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame final que se entregará coa encomenda final (para os non asistentes), ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos que se anunciarán ao principio e/ou final de cada actividade docente ou exercicio para resolver problemas de tradución.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE13	
Traballos de aula	Estes traballos consistirán en traducións previamente preparadas que se corrixirán na aula. Para efectos de avaliación terase en conta a participación activa. Será obrigatoria a entrega de todas as traducións na plataforma FAITIC debidamente identificadas para a súa corrección e avaliación definitiva: APELIDOS+NOME+NOME DOCUMENTO.	25	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT4 CT8 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado deberá elaborar traducións fóra da aula baixo as directrices e supervisión da profesora así como outros exercicios.	25	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT22
Probas de resposta curta	Ficha para avaliar a lectura da obra obrigatoria. PROBA ORAL que se realizará na aula o último día de clase (18-12-2015).	5	CB1	CE4 CE13	CT12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizaranse na aula dúas (2) probas de tradución en tempo limitado (1h 45' cada proba). A primeira contará 10% e a segunda 25%. A 1ª (10%) coincidirá co último día de aulas antes do periodo de traballo autónomo (semana do 30-10-2015) A 2ª (25%) coincidirá co penúltimo día de aulas do 1º cuadrimestre (semana 14-12-2015). Poderase usar documentación en papel e telemática.	35	CB1 CB2 CB3 CB4	CE3 CE4 CE13 CE22	CT4 CT8 CT22

Other comments on the Evaluation

O plaxio será motivo de suspenso.

O alumnado deberá entregar os exercicios e traducións na plataforma FAITIC nos prazos marcados pola profesora. O alumnado que non respecte os prazos será avaliado (avaliación única) mediante as probas que se describen máis abaixo para non asistentes.

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á segunda edición de actas (xullo).

Especifícanse a continuación as condicións:

A. 1ª EDICIÓN DE ACTAS PARA NON ASISTENTES

1. Pregunta teórica sobre as lecturas e artigos do curso: 20% da nota
2. Tradución con tempo limitado (1h 45') dunha extensión aproximada de 500-600 palabras: 35% da nota. Poderase usar documentación en papel e telemática.
3. Encomenda de tradución comentada que recibirá o alumnado o día da proba con tempo limitado (14-12-2015) e que deberá entregar segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 4 días naturais: 40% da nota
4. PROBA ORAL que se realizará na semana do 18-12-2015

B. 2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

1. Pregunta teórica sobre as lecturas e artigos do curso: 20% da nota
2. Tradución en tempo limitado (1h 45') dunha extensión aproximada de 500-600 palabras: 40% da nota. Poderase usar documentación en papel e telemática
3. Encomenda de tradución comentada que recibirá o alumnado o día do exame oficial e día da proba na aula en tempo limitado (páxina web da FFT) e que deberá entregar segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 4 días naturais: 40% da nota.
4. PROBA ORAL que se fixará o día da tradución en tempo limitado

Bibliografía. Fontes de información

Dicionarios monolingües - galego

VV.AA (2011):*Gran dicionario Cumio da Lingua Galega*. Vigo: Edicións do Cumio.

VV.AA (2006):*Dicionario Xerais da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

VV.AA (2004):*Diccionario Castelán-Galego*. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

PENA, X. A (dir.) (2006):*Gran Dicionario Século 21 da lingua galega*. Vigo. Galaxia

Dicionarios monolingües - francés

Real Academia Galega. Dicionario en liña dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>

REY, Alain & REY-DEBOVE, Josette (2015):*Le nouveau petit Robert* (2 vols). París: Le Robert.

Journal officiel de la République Française (1994):*Dictionnaire des termes officiels de la langue française*. París: Délégation Générale à la langue française

Libros de estilo - francés

Bureau de la Traduction (2000): *Le guide du rédacteur*. 2e édition. Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services Gouvernementaux Canada.

GAILLARD, Bénédicte (2013): *Le Français de A à Z*. Paris. Hatier.

PEYROUTET, Claude (2009): *La pratique de l'expression écrite*. París: Mathan

Libros de estilo - galego

DOSIL, B. & RIVEIRO, Xesús (2004):*Dicionario de Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

Real Academia Galega □ Instituto da Lingua Galega (2012):*Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

VV.AA. (2004):*Dicionario galaxia de Usos e dificultades da lingua Galega*. Vigo: Galaxia.

VV.AA. (2006):*Criterios para o uso da lingua*. A Coruña: Servizo de Normalización lingüística da Universidade da Coruña.

Libros de lectura obrigatoria (escoller un)

FOLCH-RIBAS, Jacques, (2011):*Paco*. Montréal : Éditions Boréal. Ref. BUV: FFT 840 FOL pac

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Subjects that it is recommended to have taken before

Tradución idioma 2, I: Francés-Galego/V01G230V01411

IDENTIFYING DATA**Tradución idioma 2, II: Francés-Español**

Subject	Tradución idioma 2, II: Francés- Español			
Code	V01G230V01509			
Study programme	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Castelán Francés			
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	Sánchez Trigo, María Elena			
Lecturers	Sánchez Trigo, María Elena			
E-mail	etrigo@uvigo.es			
Web				
General description	O obxectivo xeral é desenvolver os coñecementos e estratexias básicos para a tradución de textos do francés ao español. Aínda que se trata dunha materia de tradución desde a segunda lingua estranxeira, os/as estudantes xa cursaron Tradución idioma 2,*I: francés-español, materia da que é continuación, así como outras materias de tradución, de lingua francesa e de aspectos teóricos sobre tradución. Esta bagaxe de coñecementos e estratexias do que xa dispoñen tomarase como punto de partida para mellorar as competencias específicas no ámbito da tradución do francés ao español.			

Competencias

Code			
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras		
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral		
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo		
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada		
CE6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación		
CE8	Destreza para a procura de información/documentación		
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais		
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión		
CE14	Dominio de ferramentas informáticas		
CE17	Capacidade de tomar decisións		
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística		
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira		
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos		
CT4	Resolución de problemas		
CT7	Toma de decisións		
CT9	Razoamento crítico		
CT12	Traballo en equipo		
CT14	Motivación pola calidade		
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes		

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
1- Coñecer as dúas linguas de traballo, francés (idioma II) e español (lingua I), a nivel gramatical, léxico e fraseolóxico, e ser capaz de analizar as diferenzas e similitudes de ambos sistemas lingüísticos	CB2	CE2	CT2
	CB5	CE3	CT4
		CE4	CT9
		CE13	CT17
2- Analizar textos na lingua de Idioma II (francés), identificando tanto as especificidades lingüísticas e de xénero textual, como as referencias culturais e de civilización do país de onde proveñen devanditos textos para a súa plena comprensión	CB2	CE2	CT2
	CB5	CE4	CT4
		CE13	CT7
		CE28	CT9
			CT17

Aprender a traballar con autonomía consonte as normas máis comúns do mundo profesional.

3- Identificar as dificultades do texto a traducir, para planear razonadamente as estratexias de tradución, adaptadas á función do texto, do seu soporte e dos seus destinatarios	CB2 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE17	CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT17
4- Producir un texto traducido en Lingua I (español) seleccionando o material lingüístico que cumpra cos estándares de norma e uso de textos orixinais similares, contrastándoo para iso con textos paralelos. Aplicar criterios razoados de revisión	CB2 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17
5- Interiorizar o papel do tradutor en tanto que mediador cultural e traballador que atende ás pautas profesionais e deontolóxicas do seu labor	CB2 CB5	CE6 CE9 CE17 CE28	CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17

Contidos

Topic	
1.- Estratexias de tradución do francés ao español:	1.1. Creatividade tradutora
2.- O proxecto de tradución do francés ao español:	2.1. Identificación de dificultades e análise textual 2.2. Estratexias tradutoras e xustificación das mesmas 2.3 Guía de estilo e normas para a xestión de proxectos 2.4. Fontes de documentación
3- Aspectos contrastivos na tradución do francés ao español:	3.1. Morfosintácticos 3.2 .Léxico-semánticos 3.3. Estilístico-discursivos 3.4. Convencións da escritura.
4.- Tratamento das dificultades derivadas da tradución do francés ao español:	4.1. Tipos textuais e xéneros asociados máis frecuentes

OBSERVACIÓN :

A presentación secuencial dos diferentes bloques e unidades que configuran figuran o programa constitúe unha maneira lóxica de organizalos, pero non se trata de compartimentos estancos, senón que todos están claramente interrelacionados.

As actividades deseñadas para o desenvolvemento de cada unidade están concibidas para que ao longo do curso váianse incorporando ao sistema de traballo os diferentes aspectos abordados, aínda que desde o punto de vista didáctico se focalicen uns ou outros de maneira paulatina e específica.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	5	10	15
Traballos de aula	31	41	72
Presentacións/exposicións	6	6	12
Actividades introductorias	2	0	2
Traballos e proxectos	0	10	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	35	39

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia obxecto de estudo. Dada a natureza esencialmente práctica da materia este tipo de clases será moi reducido e utilizaranse para: a) introducir as diferentes unidades b) sistematizar aspectos abordados, problemas e estratexias tradutoras. c) establecer as directrices de encargos/proxectos, e exercicios ou actividades a desenvolver polo/a estudante.
Traballos de aula	Realización de diversas actividades (exercicios prácticos, revisión e preparación de encargos ou proxectos de tradución, etc.) deseñadas para o desenvolvemento dos obxectivos do programa. Realízanse na aula, coa supervisión da profesora. Traballarase combinando o traballo individual co traballo en grupo. Concíbense como talleres cuxa finalidade é realizar unha simulación selectiva das condicións de traballo propias da práctica profesional, aínda que tendo en conta que estamos nunha fase de aprendizaxe. Poden estar vinculados ao desenvolvo actividades autónomas do estudante.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte dos/as estudantes na aula dos textos de lectura obrigatoria (nas clases presenciais entregarase a relación) e/ou outras posibles actividades que se poidan propor. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades introductorias	Sesión presencial na que: 1) preséntanse os diferentes aspectos da materia en relación con: contidos (contextualizados no módulo e no grao), planificación e metodoloxía docente e sistema de avaliación; 2) resólvense posibles dúbidas en relación con estas cuestións; 3) realízase unha avaliación diagnóstica (con fins informativos, sen repercusión na avaliación final).

Atención personalizada

Tests	Description
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas tutorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.
Traballos e proxectos	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas tutorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competences		
Traballos e proxectos	Poden incluír entre outros: a) Resumo escrito dos textos de lectura obrigatoria que se propoña e/ou b) Realización doutras posibles actividades que se poidan propor vinculadas con estas lecturas ou os contidos do curso e non se especificaron nos apartados anteriores.	10	CB2 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9 CE13 CE14 CE17 CE28	CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17

Probas prácticas, Serán de varios tipos e avaliaranse con diferentes porcentaxes: 90 (ver distribución CB2 CE2 CT2
de execución de 1) REALIZADAS FOSE DA AULA: deste porcentaxe en CB5 CE3 CT3
tarefas reais 1.1. Encargo(s) de tradución para entregar (valor total: 20%): función de las CE4 CT4
e/ou simuladas. tradución(s) do francés ao castelán que se proporá(n) durante o diferentes pruebas CE5 CT7
curso. A tradución debe ir acompañada de: análise do TO, previstas en este CE6 CT9
comentario de dificultades, bibliografía e fontes de documentación apartado) CE8 CT12
consultadas e outros aspectos que se poidan indicar como, por CE9 CT14
exemplo, facturas. As datas de entrega e características máis CE13 CT17
dettalladas precisaranse nas clases presenciais. CE14
1.2. Proxecto de tradución: (valor total: 30%): encargo de tradución CE17
dun ou varios textos máis extensos que os encargos indicados no CE28
punto 1. A tradución debe ir acompañada de: análise do TO, comentario de dificultades, bibliografía e fontes de documentación consultadas e outros aspectos que se poidan indicar como, por exemplo, facturas. A data de entrega e características máis detalladas deste proxecto precisarase nas clases presenciais.
2) REALIZADAS DENTRO DA AULA:
- Exames (valor total 40%. É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5).
Realizaranse dous exames ao longo do curso. O primeiro terá lugar ao redor da metade do cuadrimestre e o segundo ao redor da última semana de clase do mesmo. As datas concretas indicaranse nas clases presenciais
Características dos exames: a) Duración: 2 horas; b) Tradución dun texto en francés ao castelán, poderase pedir así mesmo unha breve caracterización do TO; c) Extensión: ao redor de 400 palabras; d) Permítese a consulta de documentación en papel (dicionarios e outras obras de consulta (libros de estilo, gramáticas, etc.), que o/a estudante considere oportuno (a documentación levaraa cada estudante); e) Non se permite a consulta de apuntamentos ou outro tipo de notas, nin recursos informáticos ou electrónicos.

Other comments on the Evaluation

Cuestións sobre o sistema de avaliación.

Existen dúas posibilidades de avaliación: avaliación continua ou avaliación única.

É necesario optar por unha delas. Non é posible acollerse aos dous sistemas. A opción pola avaliación continua durante o cuadrimestre, implica a renuncia á avaliación única ao final do mesmo. Nas dúas primeiras semanas do curso indicárase á profesora por cal dos dous sistemas óptase (en caso de non facelo entenderase que polo sistema de avaliación única).

A continuación se explicitan as características e condicións requiridas para cada un dos sistemas indicados.

A) Avaliación continua (condicións e criterios):

Opción recomendada e prevista para os/as estudantes que reúnan as seguintes condicións:

1) Asistir de maneira regular ás clases e participar de forma activa nas mesmas. É necesaria unha asistencia mínima do 80%. Pasarase folla de firmas..

2) Realizar e entregar, nos prazos previstos e de acordo cos sistemas que se indiquen, todos os encargos, proxectos, traballos e actividades que se propoñan ao longo do curso.

Para poder optar por este sistema de avaliación é necesario cumprir ambas as condicións (1 e 2), en caso contrario haberá que presentarse á avaliación final única.

A avaliación continua da materia realizarase de acordo cos criterios e porcentaxes que se indicaron nos parágrafos precedentes e que se resumen como segue:

- Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas: encargo(s) 20%, proxecto 30% e exames 40%. É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5 para proceder a aplicar as porcentaxes indicadas.

- Traballos e actividades (10%): poden incluír resumos de lectura e/ou outras posibles actividades relacionadas coas devanditas lecturas ou os contidos da materia.

A nota final será o resultado da aplicación das porcentaxes indicadas sempre que se reúnan as condicións e aspectos indicados como necesarios para este sistema de avaliación.

Os/as estudantes que non superen a materia por este sistema de avaliación continua poden presentarse ao exame da convocatoria de xullo (indicarase a cada estudante, en función das cualificacións obtidas, se debe realizar todas as probas previstas nese exame (ver o indicado en apartado seguinte: B.2 características) ou só algunha delas e, en función disto, as porcentaxes a aplicar). Para superar a materia será necesario obter unha nota igual ou superior a cinco en cada unha das probas ás que haxa que presentarse (ver o indicado en apartado seguinte: B.2 características).

B) Avaliación única (todas as convocatorias):

Opción prevista para os/as estudantes que non poidan acollerse ao sistema de avaliación continua.

B.1) Datas: existen dúas posibilidades:

* Convocatoria ao final cuadrimestre: 12 de xaneiro 2016 (hora e aula pendente de asignación)

IMPORTANTE: os estudantes que opten por este sistema de avaliación única deben porse en contacto por mail coa profesora coa antelación suficiente (non máis tarde do 23 de novembro 2015). Nese momento confirmarase hora e aula para realizar o exame.

* Convocatoria xullo: data fixada polo Decanato, figurará na web da Facultade.

B.2) Características: a avaliación da materia realizarase por medio das seguintes probas:

1) Proba práctica (40%): a) Realización na aula; b) Duración: 2 horas; c) Tradución dun texto en francés ao castelán, poderase pedir así mesmo unha breve caracterización do TO; d) Extensión: ao redor de 400 palabras; e) Permítese a consulta de documentación en papel (dicionarios e outras obras de consulta (libros de estilo, gramáticas, etc.), que o/a estudante considere oportuno (a documentación levaraa cada estudante); f) Non se permite a consulta de apuntamentos ou outro tipo de notas, nin recursos informáticos ou electrónicos.

2) Proba teórica (20%): a) Realización na aula, despois da proba práctica; b) Duración: 1 hora; c) Preguntas sobre cuestións relacionadas coa tradución do francés ao castelán que figuren no programa e/ou nas lecturas obrigatorias.

3) Encargo/proxecto de tradución (40%): a) Realización fose da aula; b) O día do exame entregarase un dossier de textos en francés que hai que entregar no prazo que se indicará nese momento (entre 4 e 7 días en función da dispoñibilidade de tempo polas datas asignadas para o exame).

- Aspectos que se deben incluír: a) Análise de cada texto obxecto de tradución; b) Textos traducidos; c) Comentario das dificultades que se atoparon en cada un dos textos traducidos, xustificando as solucións adoptadas; d) Factura; e) Bibliografía e fontes de documentación que se manexaron.

NOTA: Para aplicar as porcentaxes indicadas, a cualificación obtida en cada unha das diferentes probas debe ser igual ou superior a 5. A orde de corrección das probas será: primeiro exame práctico, en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) corríxirase o exame teórico e en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) corríxirase o encargo.

Os/as estudantes que opten por este sistema de avaliación única e non superen a materia, deberán realizar na convocatoria de xullo de novo o tres probas previstas no exame. As características das devanditas probas, as porcentaxes de valoración e as condicións de aplicación dos mesmos serán os indicados nas liñas precedentes deste apartado dedicado á avaliación final.

Bibliografía. Fontes de información

NOTA: As referencias que se inclúen neste apartado constitúen unha bibliografía moi básica. Nas sesións presenciais proporcionarase unha bibliografía complementaria, presentaranse os recursos dispoñibles en liña para a tradución do francés ao español e entregarase unha bibliografía de lectura obrigatoria

DELISLE, J. 2003. *La traduction raisonnée*, Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa, 2e éd.

GARCÍA YEBRA, V. 1989. *Teoría y práctica de la traducción*, Madrid: Gredos, 2 vols., 2ª ed.

HURTADO ALBIR, A. 2011. *Traducción y Traductología. Introducción a la Traductología*, Madrid, Cátedra, 5ª ed.

1.2. Tradución francés-español

VERDEGAL, J. 2010. *Me gusta traducir del francés: curso de traducción general*, Oviedo: Septem Edicións

1.3.1.- Bilingües

1.3.2. Dicionarios monolingües

CNRS-ATILF. 2002. *Trésor de la Langue Française informatisé*(TLFi),<http://atilf.atilf.fr/tlf.htm>[Consulta:06/06/2015].

b) En lingua española

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA. 2005. *Diccionario panhispánico de dudas*, Madrid: Real Academia Española-Ed.Santillana.<http://www.rae.es>[Consulta:06/06/2015].

a) Francés

b) Español

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Tradución idioma 2, III: Francés-Español/V01G230V01612

Subjects that it is recommended to have taken before

Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106

Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206

Tradución idioma 2, I: Francés-Español/V01G230V01412

Other comments

Dadas as características da materia, é necesario que todos os estudantes -incluídos os estudantes erasmus- que decidan cursala a través do sistema de avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.

Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 segundo o Marco Europeo de Referencia.

Estudantes erasmus nivel de español mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 segundo o marco europeo de referencia.

Con respecto á avaliación de traballos ou proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación dos mesmos será 0.

Ante a posibilidade de non poder dispor dunha das aulas de informática da Facultade durante as horas presenciais, é necesario que, para poder seguir o traballo previsto na materia, os estudantes dispoñan dun computador co que poidan asistir ás sesións presenciais.

IDENTIFYING DATA**Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego**

Subject	Tradución idioma 2, II: Alemán- Galego			
Code	V01G230V01510			
Study programme	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Alemán Castelán Francés Galego Inglés Outros			
Department	Tradución e lingüística			
Coordinator	Montero Kupper, Silvia			
Lecturers	Götz , Kathleen Montero Kupper, Silvia			
E-mail	smontero@uvigo.es			
Web				
General description	Reforzarse o alumnado na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé nos aspectos estilístico contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas e, así mesmo, na importancia dos aspectos paratextuais na tradución.			

Competencias

Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1	CE17	CT7
Desenvolvemento da creatividade e da inferencia na resolución das situacións tradutivas.	CB2	CE27	CT17
	CB3		
	CB5		
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CB3	CE2	CT7
		CE3	CT17
		CE4	
		CE17	

Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos argumentativos e expositivos: descritivo, expositivo-conceptual, noticioso, narrativo; desenvolver a capacidade para traducir textos exhortativos (p. ex. textos instrutivos, informativo-apelativos...)	CB2 CB5	CE17	CT4 CT7 CT17
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego e español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución, saber usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	CB2 CB4	CE2 CE4 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT9 CT14

Contidos

Topic	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Fontes de documentación en formato papel, en rede e textos paralelos (2); subcompetencia instrumental: usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais. 1.2 Estratexias tradutivas (2) 1.3 Control de calidade (autoavaliación, avaliación allea)
2. Problemas específicos da tradución	2.1. Estilística contrastiva (partículas modais, calcos sintácticos, os adverbios alemáns fronte á perífrase gramatical, recursos de anovación do léxico (de): sufixación e composición, nominalización,... 2.3 Convencións tipográficas de ¶ gl 2.4 Referentes culturais II
3. Análise de textos en alemán	3.1 Funcións textuais 3.2 Tipoloxías 3.3 Cohesión e estrutura textual alemán-galego
4. Tradución de textos	4.1 Textos argumentativos (1) 4.2 Textos expositivos divulgativos (por exemplo: descritivo, entrevistas, noticioso ou textos de divulgación científica-1) 4.3 Textos exhortativos (por exemplo: instrutivos, folletos turísticos ou publicidade)
5. Mercado da tradución do alemán	Varios aspectos profesionais; introdución á tradución editorial ó galego.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	5	0	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	24	30
Traballos de aula	3	0	3
Prácticas autónomas a través de TIC	4	15	19
Traballos tutelados	4	15	19
Presentacións/exposicións	4	4	8
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	0	3
Prácticas en aulas de informática	12	0	12
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	4	8
Probas de autoavaliación	1	1	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
